

Cerne

O xornal da Terra de Melide

Nº 102. Xullo 2014. Distribución gratuíta

EMPRESA

Demandan un enlace directo que comunique a autovía coa Madanela P6

COMARCA

Resignación en Visantoña tralo peche do colexio pola escaseza de alumnos P14

CULTURA

O San Xoán máis tradicional da vila cumpre 25 anos da man de Catasol P20

ENTREVISTA



Carlos Louzao, Fotografía Intres P23



Asetem estrea xunta directiva

A Asociación de Empresarios Terra de Melide inicia unha nova etapa tralas eleccións á xunta directiva do pasado 26 de xuño. Manuel Vázquez, elixido presidente da asociación co 69% dos votos, liderará un

equipo que colle as rendas de Asetem coa intención de poñer en marcha nos próximos anos un proxecto “que ilusione, que faga a patronal máis activa e visible e que defenda os intereses de todos os sectores”. P 3

Melide reconece o legado dunha agrupación histórica



Froito Novo, o grupo de música tradicional máis antigo da vila, fundado hai 42 anos, recibe a medalla de ouro do Concello pola súa dilatada traxectoria. P11

Pedrazo do tamaño de ovos arrasa as leiras da comarca




Xavier Pazo



N. Noguero

O 23 de xuño será recordado durante anos pola intensa sarabiada que caeu na Terra de Melide. Hortas e plantacións quedaron estragadas por completo. P13



JAVIER LÓPEZ LÓPEZ

ENXEÑEIRO TÉCNICO AGRÍCOLA - Colexiado 1049

peritosmelide.blogspot.com.es

- Medición de terreos
- Catastro
- Segregacións e agrupacións
- Imposto de sucesións
- Partición de herdanzas (partixas)
- Informes periciais e valoracións
- Proxectos agrícolas
- Fotos antigas do Catastro de Melide
- Concentración parcelaria
- Legalización de pozos, traídas de auga, etc.

Tfno./ Fax: 981 50 54 82 - Móbil 639 82 00 24 - E-mail: peritosmelide@gmail.com
Rúa Xosé Ramón Fdz. Castro, 14 - 15.800 MELIDE (A Coruña)

Vivimos hai pouco máis de dúas semanas un proceso de reflexión colectiva en Asetem. Ademais diso, as eleccións entrañan inevitablemente un tempo de cambio e de transformación. Novas ideas, novos proxectos e algunhas novas caras asoman dende o día 26 de xuño á Asociación de Empresarios da Terra de Melide.

Estas primeiras liñas da nova xunta directiva de Asetem no Cerne queremos que vaian dedicadas a vós: a todos os socios e socias, que destes un grande exemplo de responsabilidade e implicación participando masivamente nos comicios. É a mostra do voso interese pola asociación, do moito que credes nela e, sobre todo, a explicación ao feito de que nunha

comarca rural e escasamente poboada exista dende hai 25 anos unha das patronais máis dinámicas de Galicia.

Dámosvos as grazas pola confianza que depositastes en nós de xeito maioritario e especialmente polo ben que nos acollestes e pola ilusión que nos estades transmitindo nestes primeiros días. Sumamos xa case unha ducia de novos socios e percibimos que hai optimismo, ganas de colaborar e de facer cousas. Sabemos tamén que

agardades moito de nós e por iso sentimos a obriga de facelo ben. Dende a responsabilidade que nos confire todo o apoio recibido, agardamos non defraudarvos e estar á altura das vosas expectativas.

Queda moito camiño por andar. Nos próximos catro anos traballaremos para todos e todas vós e queremos facelo dialogando máis ca nunca, téndovos en conta máis ca nunca. As portas da asociación teñen que estar sempre abertas para todo o

mundo e para as propostas, suxestións, ideas e queixas que nos queirades transmitir. Quere-mos sobre todo que vos sintades representados e que vexades en Asetem unha asociación útil.

Apostaremos pola continuidade en certos aspectos pero daremos cabida a novas iniciativas, como non pode ser doutro xeito nos novos tempos. E fare-molo sempre tendo en conta esa outra mensaxe que tan clara deixastes tralas eleccións e que tan ben entendemos: é necesario manter unha asociación independente, con capacidade de reivindicación e na que non haxa dúbida de que os únicos intereses son os dos asociados como colectivo. Os principios e o compromiso con vós irán sempre por diante. Comezamos.

Carta de intencións para un tempo novo

Xunta directiva de Asetem-Cca

Cerne

Edición dixital en www.asetem.com

Publicación mensual de distribución gratuíta

COORDINACIÓN E REDACCIÓN: Iván G. Blanco

EDICIÓN: Asociación de Empresarios Terra de Melide (ASETEM-CCA)

ENDEREZO: R/ Lino Sexto Sánchez 9, Melide (A Coruña)

Telf. e Fax: 981 506 188 E-mail: info@asetem.com

COLABORACIÓN: Xosé Núñez, César Camoira, Pepe Núñez

AGRADECIMENTOS: Pilar López, Adolfo Álvarez, Imprenta Meligraf

IMPRESIÓN: Publicaciones Tameiga S.L.

DEPÓSITO LEGAL: OR / 57 / 84

Cerne non se responsabiliza das opinións manifestadas polos seus colaboradores

ÍNDICE

-EDITORIAL.....	2
-EMPRESA.....	3
-MELIDE.....	11
-COMARCA.....	13
-CULTURA E LECER.....	19
-COLABORACIÓN.....	22
-ENTREVISTA.....	23



!!NUEVO!! COSALUD VITAL

“ASISTENCIA SANITARIA PRIVADA”

Cuadro médico propio con más de 25.000 profesionales

Desde el 15% de descuento en tu Seguro Vida hasta el 31 de Diciembre*. Tráenos tu póliza actual o pregúntanos si aún no disfrutas de ella.

* Ver condiciones de oferta en la oficina

**SEGUROS DENTALES
DESDE ¡¡¡ 36 € !!!**

(Limpieza bucal anual incluída, coste aproximado 40€)

Rodrigo Fernández Pombo

Agente de seguros exclusivo

Nº de Reg. Mediador.: COO2636154917K

C/ Ronda de Pontevedra

Nº 113 Bajo - 15800 Melide

Tlf/ Fax: 981506495

Móvil: 678055942

rodrigofernandez@segurosbilbao.com



Manuel Vázquez sae elixido novo presidente de Asetem co apoio do 69% dos votantes

Manuel Vázquez García, Propietario de Transportes Sierra, será o presidente da Asociación de Empresarios Terra de Melide (Asetem) durante os próximos catro anos. Así o decidiron os socios da patronal melidense ao apoiar maioritariamente a súa candidatura nas eleccións celebradas o pasado 26 de xuño.

Manuel Vázquez foi apoiado polo 69% dos electores e recibiu 82 votos fronte aos 35 da candidatura rival, encabezada por Elena Quintas, que tivo un respaldo do 29%. Rexistráronse ademais dous votos en branco. A xornada electoral, que se desenvolveu con normalidade, destacou pola elevada participación, lixeiramente superior ao 83%. Votaron 119 socios dun censo total de 143.

O novo presidente presidente de Asetem asegura asumir o cargo coa intención “de manter unha liña semellante á desenvolvida ata agora, mellorando todo o que se poida e sobre todo dialogando cos socios, sen impoñer nada e sen aceptar tampouco



A nova xunta directiva de Asetem celebrou o 2 de xullo a súa primeira reunión de traballo

imposicións nin manipulacións externas”. Vázquez interpreta a contundencia da súa vitoria como “unha mostra clara de que o empresariado de Melide quere unha asociación independente e libre de influencias políticas”.

Un proxecto que ilusione
O novo equipo directivo de Asetem está a ser moi ben recibido entre os negocios locais, algo que constata o feito de que, tan só nos tres días seguintes ás eleccións, se deron de alta como socios

da patronal nove empresas da vila. A directiva agradece “o enorme apoio e ánimo” que está a recibir e afronta os próximos catro anos de mandato coa intención de “non defraudar a confianza nin a esperanza que maioritariamente

se depositou en nós”. Nese sentido, comprométense a desenvolver un proxecto “que ilusione, que faga a patronal máis activa e visible e que defenda os intereses de todos os sectores”.

Perfil profesional

Manuel Vázquez García (coñecido popularmente como “Sierra”) será o sétimo presidente de Asetem. Natural do Concello de Toques, comezou a súa andaina profesional no ano 1978 como empregado da gasoleira de Melide, onde traballou durante 18 anos. Tras un breve período como operario de Grúas Castmart, no ano 1998 decidiu dar o paso de crear a súa propia empresa. Naceu así Transportes Sierra, con sede no polígono industrial da Madanela (Melide) e dedicada ao transporte de automóviles a nivel nacional e internacional. Na actualidade conta cunha flota de 5 camiións que realizan rutas semanais por toda Europa e dá traballo a 7 empregados.

Manuel Vázquez é socio de Asetem dende 2005. No ano 2010 pasou a formar parte da xunta directiva de man da anterior presidenta, Sonia Valiño. Durante os últimos catro anos desempeñou o cargo de tesoureiro da patronal.

A DESPEDIDA DE SONIA VALIÑO

Ademais da xornada de votacións, a sede de Asetem acolleu na noite de eleccións a Asemblea Xeral Ordinaria, na que se realizou o balance de actividades do ano 2013 e na que tamén se aprobaron as contas do exercicio pasado. A sesión foi especialmente emotiva, pois supuxo a despedida da anterior presidenta, Sonia Valiño, que decidiu non presentarse á reelección para dedicarlle máis tempo á súa vida persoal e “deixar paso a outras persoas que collan con ilusión as rendas da asociación”.

Visiblemente emocionada, Valiño dirixiuse aos socios para agradecer todo o apoio que lle prestaron durante os seus 14 anos como membro da xunta directiva de Asetem, os catro últimos como máxima responsable. No seu discurso apelou á necesidade de que a asociación manteña “o espírito de unión e de independencia”. O público asistente despediu



Sonia Valiño co seu equipo tras ganar as eleccións de 2010

cun caloroso aplauso a Valiño, a primeira muller, e única ata o momento, en ser presidenta de Asetem.

Durante o mandato de Sonia Valiño Asetem fíxose máis forte tras asinar a fusión coa outra patronal existente, Vila de Melide; un paso importante que marcou o inicio dunha

lexislatura caracterizada polo traballo constante e a ausencia de polémicas. Nos seus catro anos como presidenta puxéronse en marcha eventos de envergadura como o Salón da Voda e campañas de éxito como a Ruta de Tapas, iniciativas consolidadas e chamadas a permanecer no tempo.

Nova xunta directiva

Presidente

Manuel Vázquez (Transportes Sierra)

Vicepresidente

Rodrigo Fernández (Seguros Bilbao)

Secretario

José Ramón Villamor (Xoiería Oro Ley)

Tesoureiro

José Valiño (Muxica Tenda Xoven)

Contador

Juan Carlos Casal (Hermanos Casal Vázquez)

Vogais

Diego Sánchez (Suministros industriales Cire)
Jorge Pereiro (Pulpería Ezequiel)



- Venta de gasóleos y gasolinas.
- Lavado automático y manual de vehículos
- Servicio de gasóleo a domicilio
- Tienda

ESTACIÓN DE SERVICIO

BOCELO

administracion@gbocelo.com

Teléfonos: 981 50 62 50
Móvil: 655 82 41 10
Oficina tfno./fax: 981 50 51 88

Carretera de Lugo, s/n
15800 MELIDE (A Coruña)



Hnos. Casal Vázquez

CONSTRUCCIONES Y PROMOCIONES

Tfno.: 981 50 53 10
Fax: 981 50 72 29
Móvil: 610 44 93 50

Eduardo Álvarez Carballido, 1, bajo
15800 MELIDE (A Coruña)



LIBRERÍA - PAPELERÍA

- AGASALLOS
- XOGUETES
- FOTOCOPIAS
- ENCADERNACIONES
- PLASTIFICADOS
- SERVIZO DE FAX
- PRENSA E REVISTAS

Tfno./fax: 981 50 50 55
C/. Taboada Roca, 1
15800 MELIDE (A Coruña)

ESTABLECIMIENTOS



Tfnos: 981 50 50 89
609 46 89 00
659 45 00 80
Fax.: 981 45 00 80

Ronda de Pontevedra, 2
15800 MELIDE (A Coruña)

Ser impecable está de moda

CALIDAD E HIGIENE ALIMENTARIA

www.plagostel.com

Plagostel

N.R.S. (0177-GAL-SP0)

Analíticas alimenticias Laboratorio
Legionela Control de plagas
Manipulación alimentos Formación

Comercial@plagostel.com / 986 118 714 / 698 163 399



Os Garceiras gana o *Melide de Tapas* cunha mestura de sabores do verán

Trátase dunha proposta con carne, hortalizas e salsa pensada para servir fría

“No me lo esperaba, pero sucedió una vez más”. Maryna Ferreyra, que xunto co seu marido Sebastián rexenta a xamonería Os Garceiras, non acaba de crer que por segundo ano consecutivo a proposta culinaria saída dos seus fogóns fose a mellor valorada de todas as que se presentaron ao quinto “Melide de Tapas”.

O caso é que sucedeu, e algo debería ter imaxinado se é certo como di que “la gente probaba la tapa y yo notaba la satisfacción”. Valeron a pena xa que logo as horas de probas e mesturas de ingredientes ata encontrar a combinación perfecta e os sabores ideais. De aí “Sabores encontrados”, como se chama a mellor tapa do concurso e a que, polo tanto, recibiu mellores puntuacións tanto dos clientes como do xurado profesional. En segundo e terceiro lugar respectivamente quedaron as tapas do Bar Liñares e da cervexería O Sapo Lambón.

Como é habitual, tamén desta volta houbo varias categorías nas que puntuar, máis non foron as mesmas de sempre. Como novidade, houbo



A xerenta de Asetem, Pilar López, e Marina Ferreyra

premio para a mellor tapa elaborada con queixo Arzúa-Ulloa. Nesta caso o establecemento vencedor foi o Bar Cire co seu “Espeto tres sabores”. Por detrás quedaron a Cafetería Estilo, en segundo lugar, e o Bar Esquina en terceiro, que non puido conquistar o padal dos comensais nesta categoría pero si na de Tapa Innova-

dora, onde a orixinalidade e o bo sabor da “Magdalena de Anxo” foi a máis votada. Por detrás quedaron o Bar Cire e o Sapo lambón, que repetiron no podio.

As cocinas e as cabezas dos bares de Melide xa andan a pensar no próximo concurso. Ao remate do verán chegará de novo o Outono de Tapas!

SABORES ENCONTRADOS

A mellor tapa foi elaborada con pan multicereais, redondo de tenreira, palmitos de Costa Rica, mini-espigas de millo, canónigos, tomates cherry e salsa golf. Trátase dunha tapa fría pensada para o verán e para “montar” no momento, evitando así que os ingredientes perdan frescura e sabor, algo que sucede cando hai que requeentalos.



O resultado final chegou despois de realizar moitas probas. O éxito da tapa servíralle aos rexentes de Os Garceiras “para coger un nuevo impulso y superarse”.

TAPA INNOVADORA - A ESQUINA

Jesús Peón, propietario do Bar Esquina reconece que tivo que darlle voltas á cabeza e facer varias probas “encamiñadas á incorporación de novos produtos culinarios” antes de dar coa *Magdalena de Anxo*, que lle valeu o premio á Tapa Innovadora. Esta proposta consiste nunha masa de madalena feita con xamón cocido e chea de beicon e chourizo e adornada con queixo Arzúa Ulloa. A xeito decorativo, tamén levaba unha piruleta



Pilar López e Jesús Peón

superarse a si mesmo?

TAPA CON QUEIXO ARZÚA ULLOA - CIRE

Héctor López e Óscar Conde acostuman incorporar o queixo Arzúa Ulloa ás tapas que serven no Bar Cire por ser un ingrediente “moi agradecido e polo toque de sabor que dá”. A mestría con este produto fíxose notar no “Espeto tres sabores”, unha tapa onde o queixo ía dentro dun rolo de xamón e se servía acompañado por anacos de pera con vinagre de Módena. Por primeira vez se introduciu esta categoría no concurso e por primeira levou un premio da



Óscar Conde e Héctor López

ruta de Asetem o Bar Cire. Para os seus propietarios, supón un recoñecemento “ao tempo que levou pensala” e unha satisfacción “por saber que lle gustou aos clientes”.

AS RECOMPENSAS DE TAPEAR NOS BARES DE MELIDE



Pilar López (Asetem) e Estefanía Martínez

Participar no Melide de Tapas sempre tivo para os clientes unha recompensa a maiores do feito de contentar o bandu-

llo. Esta edición non foi menos e incluso se habilitou un premio especial para os corredores participantes na media



Ana Vilar e Ángel Rey (Balneario Río Pambre)

maratón *Os 21 do Camiño*, que coincidiu coa celebración da ruta de tapas. Neste caso a gañadora foi Ana Vilar Igle-

sias, de Agolada, que poderá gozar dunha sesión no circuito termal do Balneario Río Pambre, en Palas de Rei.

Outro dos premios consistía nunha estancia para dúas persoas, con cea e almorzo incluídos, no Pazo de Eidián (Agolada). Sorteouse entre os clientes que probaron como mínimo a metade das tapas e a afortunada foi unha melidense: Estefanía Martínez.

Ao terceiro agasallo optaron todas as persoas que probaron e votaron as tapas. O ganador foi Adrián Concheiro, que levará unha cesta de produtos cárnicos cedida por Distribuciones O Carrizo e A Tenda de María. Por outra banda, os propietarios dos locais ganadores recibiron un lote de queixos Arzúa-Ulloa.

A campaña da Xunta “Máis que comercio” chegará en agosto aos establecementos locais

Haberá premios e agasallos para os clientes que merquen nos negocios da vila

Os comercios asociados a Asetem serán protagonistas durante todo o mes de agosto da campaña *Máis que comercio*, unha iniciativa da Xunta de Galicia que chega este verán a Melide para dinamizar o Centro Comercial Aberto e premiar a confianza que depositan os consumidores nas tendas de sempre.

En liñas xerais, *Máis que comercio* consiste nun xogo online que repartirá vales e premios entre os clientes dos establecementos da vila. O consumidor recibirá unha pa-peleta cun código por cada cinco euros de compra que realice nos negocios socios



Imaxe oficial para toda Galicia da campaña “Máis que comercio”

de Asetem. Unha vez que obteña eses códigos, o cliente poderá acceder á páxina web www.maisquecomercio.com, onde aparecerán en forma de taboleiro con casiñas todos os establecementos participantes na campaña.

Debaixo das casiñas, e de forma aleatoria, estarán agachados os seguintes premios:

unha tarxeta de regalo de 200 euros, dúas tarxetas de regalo de 100 euros, seis paraugas, 10 bolsas reutilizables co logo da campaña e todos os agasallos que queiran incluír a maiores os negocios que participen. O xogo consiste en atopar os premios. Por cada código obtido, o cliente terá dereito a destapar unha ca-

siña, onde ademais do nome do negocio atopará tamén fotografías e información relacionada con el. Por outra banda, tamén poderá votar o seu establecemento favorito. Cando remate a campaña, o 31 de agosto, o negocio preferido polos clientes recibirá un recoñecemento público.

Os obxectivos

A nivel galego, a campaña *Máis que comercio* comezou no mes de marzo e rematará en decembro. Abrangue os 52 Centros Comerciais Abertos (CCA) que existen en Galicia e cada mes celébrase en cinco deles. Con esta iniciativa, a Xunta persegue varios obxectivos: difundir o propio concepto de CCA e as súas vantaxes estratéxicas, así como incrementar e fomentar as compras no pequeno comercio. Ao mesmo tempo búscase favorecer a introdución e a utilización das novas tecnoloxías aplicadas ao comercio.

A apertura de negocios será máis rápida e máis barata

O goberno central aprobou un decreto lei de medidas urxentes para o crecemento que inclúe cambios nos trámites necesarios para poñer en marcha un negocio. Substitúense as licencias de apertura, traslado ou ampliación de comercios por declaracións responsables ou comunicacións, o que permitirá unha redución tanto de tempo como de cargas administrativas. Por outra banda, o Goberno estima que abrir un negocio custará 240 euros menos grazas a esta simplificación de trámites. No mesmo decreto lei tamén se impulsan as zonas de especial influencia turística (ZGAT's), con maior flexibilidade horaria, e limitáanse as comisións que os bancos lles poden cobrar aos comerciantes polo uso de tarxetas nos seus establecementos.

Asetem esixe que o polígono estea conectado directamente coa autovía

A Asociación de Empresarios Terra de Melide (Asetem) loitará para que o polígono da Madanela teña un enlace directo coa futura autovía Lugo - Santiago.

O actual proxecto, que está en fase de redacción, contempla dúas saídas para Melide: unha á altura do campo de fútbol municipal (que daría acceso ao casco urbano) e outra en Remonde, situada no concello de Palas de Rei e a máis de 6 quilómetros do polígono da Madanela. Ningunha das dúas opcións convence ao empresariado de Melide, para quen o parque industrial, en tanto que é un dos motores económicos da comarca, debe ter mellores conexións.

É por iso que Asetem, a iniciativa dun grupo de socios, solicitará que se constrúa un enlace directo á altura de Vimianzo (no Concello de Santiso) e se aproveite parte da estrada que xa conecta dito lugar

coa Madanela. Esta opción deixaría o polígono a tan só 1,5 quilómetros da autovía e reduciría notablemente a distancia que contempla a saída de Re-

A patronal pedirá ante Fomento que se faga un enlace de 1,5 km dende Vimianzo

monde. Ao mesmo tempo, evitaría que os vehículos pesados tivesen que atravesar o centro de Melide en caso de utilizaren a conexión situada nas inmediacións do campo de fútbol.

Fronte común

Consciente de que o tempo xoga en contra, a nova xunta directiva de Asetem acelerou o máximo posible os prazos e xa

presentou un escrito no Concello de Melide no que se recollen as demandas dos empresarios e as alternativas para o polígono. Co documento adxuntáronse varios planos e as sinaturas de máis de 100 empresarios e comerciantes da comarca que apoian a construción dun novo enlace.

O obxectivo é conseguir o apoio da alcaldesa, Ánxeles Vázquez, e facer fronte común ante Fomento unha vez que tanto ela como o alcalde de Palas de Rei xa teñen solicitada unha reunión cos responsables do ministerio para abordar diferentes cuestións relacionadas coa autovía. Os rexedores mesmo convidaron á ministra do ramo, Ana Pastor, a que visite os municipios e explique sobre o terreo cuestións como o estado das expropiacións, os proxectos de execución ou as saídas previstas no Castelo de Pambre e no propio polígono.

AXUDAS E SUBVENCÍONS

PROGRAMA DE FOMENTO DAS INICIATIVAS EMPRENDEDORAS E DE EMPREGO (I+E+E) (DOG 110 DO 11/06/2014)

- **Beneficiarios:** sociedades mercantís de nova creación, que xeren emprego estable para desempregados, con un máximo de 5 socios persoas físicas, capital social máximo 120.202 euros e como mínimo que o 50% do capital sexa de titularidade de persoas desempregadas.
- **Prazo:** dous meses dende o inicio da actividade e como máximo ata o 30 /9/2014.
- **Liñas:** subvención á xeración de emprego estable (contía ata 6.000 euros), subvención financeira, subvención para a formación (contía máxima 3.000 euros), subvención para o inicio da actividade (contía máxima de 4.800 euros por emprego xerado ata un máximo de 10 empregados), subvención para a conciliación da vida persoal, laboral e familiar das persoas promotoras (contía máxima 3.000 euros).

RE-SOLVE 2014: APOIO AO ACCESO Á FINANCIACIÓN OPERATIVA (ACTIVO CORRENTE) (DOGA 90 DO 13/05/2014)

- **Beneficiarios:** todas as pemes que formalicen un préstamo para financiamento do activo corrente (pago de nóminas, impostos, seguridade social, aluguer, provedores ...)
- **Contía:** Importe mínimo de 3.000 € e máximo de 150.000
- **Prazo do préstamo:** ata 5 anos cunha carencia máxima de 2 anos.
- **Prazo de presentación:** remata o 31/10/2014.

CaixaNegocios

Llevamos la oficina de "la Caixa" a tu negocio



Dos cuentas con un único saldo

Descuento del 5% en carburantes

Financiación por facturación de tu TPV

Descuento del 10% en seguros en promoción

Conecta con tu gestor siempre que lo necesites



Para más información, consulta www.CaixaNegocios.es

Estamos más cerca que nunca de tu negocio

En "la Caixa", pensamos que la mejor manera de ayudarte en la gestión de tu negocio es hacerlo en persona. Por eso, hemos creado una nueva forma de hacer negocios que cambiará la relación con tu oficina de "la Caixa", poniendo a tu servicio un gestor especializado que irá a verte para que no tengas que desplazarte y que te ayudará a realizar los trámites que harías en tu oficina.

Y además, descubrirás las **soluciones de protección, gestión y financiación** que mejor se adaptan a tus necesidades y las de tu negocio.

Te ayudamos en las gestiones diarias

Te ofrecemos soluciones para aumentar la eficiencia de tu negocio y te acercamos las mejores herramientas de gestión.

• Cuenta negocio

Gestiona tu cuenta, realiza operaciones de cobros y pagos y ahórrate costes por:

- Mantenimiento y administración.
- Tarjeta de débito para el titular y un beneficiario.
- Ingresos de cheques.
- Transferencias por autoservicio.
- Línea abierta y correspondencia *on-line*.
- Tarjeta ingresos 24 horas.

Las mejores soluciones de financiación

Con nuestra oferta de financiación, te ayudamos a encontrar la mejor manera de avanzar en tu negocio

• Anticipo de facturación

Podrás disponer de circulante: hasta 2 mensualidades de la facturación de tu TPV, con un importe mínimo de 1.000 € y un máximo de 12.000 €.

• Financiación de circulante

Nos adaptamos a tu negocio para proporcionarte flexibilidad en tus compras o anticiparte tus cobros.

- Cuenta de crédito Negocios **bonificada**.
- Línea de financiación de circulante.

• Financiación de inversores

Impulsamos tu espíritu emprendedor y tu negocio con asesoramiento especializado: Préstamo Negocios bonificado, préstamos ICO, leasing, renting.

Trabaja con toda la seguridad

Te proponemos una amplia gama de seguros para proteger todo lo que forma parte de tu negocio. Además podrás agruparlos en el **Pack multi Seguros Negocios**.

• Seguridad para tu negocio

Protege tu negocio y su infraestructura, y asegúrate la mejor respuesta ante cualquier imprevisto o accidente, tanto si se trata de tus instalaciones, como si es cuestión de asesoría jurídica o de asistencia informática, pérdida de documentos o coberturas y asistencia completa para vehículos comerciales.

• Seguridad para ti y los tuyos

Te ofrecemos los mejores **seguros de vida y accidentes**, para que tan tú, como tu familia y los que trabajan contigo dispongáis de todas las

• multiCuenta Negocio

Dos cuentas independientes, una para uso profesional y otra para uso particular, que aunque funcionan por separado con sus propios cargos y abonos, operan con un único saldo conjunto en caso de necesidad de fondos en una de ellas.

• Tarjeta MasterCard Professional de crédito

Gestiona el día a día de tu negocio ahorrando dinero en carburantes y disfrutando de muchas ventajas más:

- **Descuento del 5% en carburantes** en estaciones Repsol, Campsa y Petronor y factura mensual desglosada con el IVA de estas operaciones.
- **VIA-T gratuito.**
- **Cuota de mantenimiento de la tarjeta, gratis.**
- **Puntos Estrella.**
- **Servicio gratuito CaixaProtect** contra robo y fraude.

• multiTarjeta Negocio

Podrás separar tus gastos personales de los profesionales, a través de dos tarjetas de crédito: la MasterCard Professional, para los gastos del negocio, y la Visa Classic, para los particulares, domiciliadas cada una en su correspondiente cuenta, pero con un único límite común de crédito.

• TPV bonificado

Ahora, con el TPV bonificado podrás disfrutar de una tarifa reducida en la tasa de descuento sobre las ventas que tus clientes te abonen con tarjetas tanto de "la Caixa" como de otras entidades.

coberturas en caso de accidente, de incapacidad temporal, invalidez o fallecimiento. Además, podrás acceder al mejor servicio y atención con nuestros **seguros de salud**.

• Seguridad en tu actividad

Con nuestra gama de seguros de **responsabilidad civil**, disfrutarás de la tranquilidad de tener asegurados a quienes trabajan contigo. Además, podrás cubrir posibles indemnizaciones y reclamaciones de terceros, defensa jurídica y accidentes.

Consigue este Smartphone o esta tablet

Llévate una **tablet LG GPad 8.3** o un **smartphone LG Optimus L9 II**: tendrás tu oficina on-line siempre a mano y podrás conectar con tu gestor cuando lo necesites.

Condiciones para conseguir tu **tablet** o tu **smartphone**:

- Primera domiciliación del pago de la Seguridad Social de autónomos o mutualidad equivalente.
- Ingresos profesionales mensuales superiores a 600 €.
- 3 cargos de recibos al trimestre.
- 3 compras con tarjeta en comercios al trimestre.
- Permanencia de 12 meses.


Si ya tienes los ingresos profesionales domiciliados, consulta en tu oficina formas alternativas de conseguir el **smartphone** o la **tablet**.



Camino de Santiago

Imprescindibles del peregrino
en Melide

Melide, where you will find
everything you need



Desayunos
Sandwiches
Hamburguesas
Bocadillos fríos
Bocadillos calientes
Platos combinados
Raciones - Ensaladas
Comida para llevar

Telf: 981 50 90 18
Rúa San Antonio, 3 - MELIDE



CAFETERÍA Y
CHURRERÍA

DESAYUNOS, CHURROS
BOCADILLOS

Cátedra, 1
MELIDE

Desde las 6 a.m.

CARTA	COMIDA MEXICANA
- Pulpo	- Quesadillas
- Secreto de cerdo a la parrila	- Tacos dorados
- Entrecot de buey a la piedra	- Enchiladas
- Bacalao y más...	- Tacos variados y más...

Avda. Lugo, 22 MELIDE
Telf.: 981 50 75 10

Garnacha

Pulpería

CAMINO VELLO DE SANTIAGO 2 - MELIDE - A CORUÑA
TEL: 981 507 347 / 605 88 32 68
garnachamelide@gmail.com

Xamonería
Garceiras

Especialidad en:

- * TOSTAS desde 3,80 €, 14 Variedades
- * TORTILLAS desde 4,20 €, 11 Variedades
- * SARTENADAS 4 €, 10 Variedades

Además... tablas de ibéricos, ensaladas,
raxo con patatas

Tel: 881 95 70 74
C/ Gaiteiros Os Garceiras, nº1
A 25 mts. del parque Cantón de San Roque

PEDIDOS PARA LLEVAR

- * Almorzos
- * Menú do día
- * Especialidade en pulpo
e carnes galegas
- * Habitaciones
- * Terrazas

Tfno.: 981 815 333 - Fax.: 981 507 560
Rúa San Antón, 18 - 15800 MELIDE
www.pousadachiquitin.es - info@pousadachiquitin.es

M40

cantina - cervecería

Cantón de San Roque, 40 - MELIDE
Tlf: 981 507 344

SabadellAtlántico SabadellHerrero SabadellSolbank SabadellGuipuzcoano SabadellCAN



Una cosa es decir que trabajamos en PRO de su negocio.
Otra es hacerlo:

Cuenta Expansión Negocios PRO.

Una cuenta que pone a su alcance financiación a la medida de su negocio.

10%

de su cuota. Hasta un máximo de 100 euros anuales por cuenta, con la cuota de gestión.

+

0

comisiones de administración y mantenimiento.

+

Gratis

la tarjeta de crédito y de débito por titular y autorizado.

+

TPV

en condiciones preferentes.

Y muchas más ventajas. No en vano, la **Cuenta Expansión Negocios PRO** es la cuenta pensada para que despachos profesionales, autónomos, comercios y pequeñas empresas se hagan grandes.

Llámanos al **902 393 006**, identifíquese como miembro de su colectivo, organicemos una reunión y empecemos a trabajar.

Las ventajas mencionadas en esta campaña de la Cuenta Expansión Negocios PRO se mantendrán mientras se cumplan los requisitos establecidos en el contrato. Asimismo, para obtener la cuenta se cumplirá con los siguientes requisitos: un cargo en concepto de gestión de mínimo, un cargo en concepto de seguridad social, un cargo en concepto de impuestos y un cargo en concepto de gestión de residuos. Estos requisitos se cumplirán mediante el depósito de un aval de 4.000 euros, o bien mediante la Cuenta Expansión Negocios PRO podrá ser una cuenta estándar.

laicosabadel.com

El banco de las mejores empresas. Y el tuyo.



Captura el código QR y conoce nuestra news Professional Informa'

AHORA EN MELIDE
MULTIÓPTICAS
Tábora

No 1 en servicios ópticos

MULTIÓPTICAS

Abrimos los sábados mañana y tarde

Multiópticas Tábora
Ronda da Coruña, 20 Bajo
15800 Melide- A Coruña
Tlfn.: 981 50 51 99

**Multiópticas y
Microaudio**

Medalla de Melide para Froito Novo, embaixadores da música tradicional

O Concello de Melide decidiu conceder este ano a súa máis importante distinción, a medalla de ouro, ao grupo de música tradicional Froito Novo. Con este galardón, outorgado en nome de todo o pobo melidense, quíxose recoñecer a traxectoria dun grupo que leva máis de 40 anos tocando e que “a pesar dos altos e baixos sempre estivo aí, levando polo mundo adiante o nome da nosa terra”.

Así o expresou a alcaldesa, Ánxeles Vázquez, no acto institucional de entrega da medalla, que se celebrou no salón de plenos o día de San Pedro e ao que asistiron 16 compoñentes da agrupación, entre membros actuais e algún de tempos pasados. O máis veterano de todos eles, Ramón Martínez, membro de Froito Novo dende a súa creación en 1972, dirixiuse ao público asistente para expresar “a ledicia e o orgullo” do grupo ao recibir a medalla. Na súa intervención houbo unha mención especial para



Carlos Varela e Moncho Méndez co diploma e a medalla de ouro

certas persoas que marcaron dun xeito ou doutro o devir da agrupación: Gabriel dos Garceiras, o Padre Jorge, os irmáns Parrado, o cura Mourelle e Mingos de Pita.

Ramón Martínez, que falou en nome dos centos de persoas que pasaron por Froito novo nestes 42 anos, quixo dedicar o premio ás familias de cada unha delas, “que sempre nos alentaron para continuar

agardando ata as tantas, arranzando os traxes ou facendo o traballo por nós. Grazas a esas pequenas cousas Froito Novo existe a día de hoxe”.

Antes de recibiren a medalla de ouro, os membros da agrupación (a máis antiga de Melide) realizaron un percorrido musical pola vila e fixeron unha ofrenda floral na rúa que leva o seu nome, a carón da Parrillada El Molino.

O xermolo de Froito Novo non estivo noutro lugar máis ca na sancristía do convento dos Padres Pasionistas. Alí, o que hoxe é o membro máis veterano da agrupación comezou a recibir clases de gaita, xunto con outros rapaces, de man do máis ilustre dos mestres: Gabriel dos Garceiras. “Aprendemos cuns punteiros que traía el”, relata Ramón Martínez, que daquela contaba 11 anos, “alí pasabamos os rapaces as fins de semana ensaiando”. O visionario e impulsor de tal proxecto foi o Padre Jorge, “quen pensou que sería boa cousa para Melide ter un grupo de gaitas que tocasse para o conxunto de baile que xa existía”. Axiña comezaron os contactos con Manolo Parrado e Mingos de Pita, artífices tamén de Froito Novo. O proxecto saíu adiante a naciña así, en 1972, a primeira agrupación de música e baile tradicional de Melide, todo un referente para as xeracións vindeiras. A partir de aí Froito Novo comezou un longo camiño con innumerables éxitos e momentos que reseñar: o seu primeiro disco (Homenaxe aos gaiteros populares galegos), os premios da crítica, as viaxes por toda Europa (Portugal, Holanda, Polonia, Francia, Reino Unido), a Romaría Internacional, as actuacións en TVE e mesmo na BBC, e tantas e tantas festas do San Roque. Méritos máis que sobrados para os grandes embaixadores da música tradicional.



Vinte voluntarios europeos prestarán servizos de asesoramento aos peregrinos a pé de Camiño

Ofrecerán axuda, informarán sobre o patrimonio local e farán labores de concienciación

Os peregrinos que fagan o Camiño entre os días 15 e 26 de xullo terán ao seu paso por Melide cumprida información sobre todo aquilo que precisen saber en relación coa vila. Desá tarefa tan necesaria e agradecida polos camiñantes encargaranse os vinte mozos e mozas de entre 16 e 30 anos que participarán no campo de traballo internacional “Hospitaleiros no Camiño”.

Os participantes, que chegarán dende diversos puntos da xeografía española e europea, terán a súa base de operacións no campamento de Furelos. Dende alí despraza-



Peregrinos transitando polo centro de Melide

ranse cada día a puntos estratégicos do Camiño para realizar labores “de dinamización cultural e acompañamento aos peregrinos en cooperación co tecido asociativo da vila”, explicou Ovidio Rodeiro, director xeral de Xuventude e Voluntariado, na presentación en Melide deste programa.

Os voluntarios prestarán os seus servizos a pé de ruta nas franxas horarias de maior afluencia de peregrinos. En total serán seis horas ao día nas que, coordinados polos técnicos de turismo da oficina de Furelos, ofrecerán información de moi diversa índole: historia de Melide, lugares

de interese, pratos típicos da zona, restaurantes para xantar, albergues para durmir, farmacias... Máis non todo será información, xa que parte do traballo destes mozos consistirá tamén en “concienciar sobre a importancia de conservar e manter limpo o Camiño”, explicou a concelleira de Xuventude. Dalia García destacou ademais a parte de “educación non formal” que comporta o campamento: “vai ser un feedback entre voluntarios e peregrinos, porque hai moito estranxeiro e van aprender idiomas”.

Non é a primeira vez Melide acolle un programa deste tipo. A estreia realizouse o ano pasado e, a xuízo da alcaldesa, Ánxeles Vázquez, a experiencia resultou enormemente positiva para a vila: “os voluntarios difundiron Melide nos seus países e logo as familias e amigos volveron visitarnos facendo o Camiño”.

O Concello ve “revanchismo” nas críticas de Escuela Ayude

O Concello de Melide considera que as críticas vertidas por Escuela Ayude sobre a súa xestión deportiva son froito dunha “pataleta persoal” do director técnico do centro, José Manuel Ayude, “pola non concesión de subvencións e por quedar fóra do proceso de contratación para xestionar a piscina climatizada municipal”. O executivo responde así ao artigo publicado por Ayude no xornal Cerne o mes pasado, no que acusaba ao Concello de non apoiar nin valorar suficientemente a súa escola. O goberno municipal di que Ayude mantén unha actitude “de revanchismo” e lembra que presentou fóra de prazo a solicitude de subvención e que utiliza instalacións públicas para realizar actividades polas que cobra.

Melide e Tapia estreitan lazos para fortalecer o turismo e o comercio

Unha comitiva do Concello de Melide desprazouse o pasado 21 de xuño ata a localidade asturiana de Tapia de Casariego para participar dunha xornada de irmandade e fortalecer o turismo e as relacións comerciais entre ámbolos dous municipios.

O pacto de colaboración e boas intencións selouse sobre o pavimento do Camiño de Santiago, que tamén pasa por Tapia na súa variante Norte e que supón o vínculo en común dos dous concellos. Non foi xa que logo casualidade o paseo de 2 quilómetros pola ruta xacobea ata a súa entrada na vila asturiana nin o lema escollido para a xornada: *“dos pueblos, un camino juntos”*. Previamente, na recepción institucional da comitiva melidense, o edil de promoción económica, Santos López, animou a cooperar e estreitar lazos “de forma intelixente facendo máis con menos entre Asturias e Galicia”.

Non estivo só o concelleiro



O edil Santos López recibindo un agasallo do alcalde de Tapia

na súa visita a Tapia. Acompañárono varios comercios e empresas da vila que participaron nesa outra parte da xornada de irmandade: a mostra de produtos típicos de Melide. Instaláronse varios stands no Parque de Tapia onde os poucos veciños que se animaron a visitalos puideron probar e mercar melindres, pan, queixos, mel, licores, empanadas e doces. Como non podía ser doutro

xeito, tamén houbo pulpo, que se puido degustar na chamada “carpa gastronómica”.

O grupo Froito Novo, cunha actuación pola mañá e outra pola tarde, púxolle banda sonora a unha xornada que se completou cunha visita guiada ao Museo de los Señores de las Casas Palacio. Falta agora por completar a segunda parte da irmandade: Tapia visitará Melide o 21 de setembro.

Cuestionan a limpeza dos colectores de lixo



Hai problemas, coma certos olores, que só afloran ao calor do verán. Os que emanan dos colectores da Avenida de Lugo están sendo tema de debate logo de que os veciños da zona fixesen público a través do BNG que levan máis de dous anos aguantando os cheiros derivados “dunha deficiente limpeza”, situación que puxeron en coñecemento do Defensor del Pueblo xa en 2012 “despois de que o goberno local non lles dera ningún tipo de resposta”. Os nacionalistas acusan de “pasotismo” e “deixamento” a un goberno municipal que se defende asegurando que supervisa a miúdo os traballos da empresa de recollida de lixo e que os colectores se limpán no verán “cada 15 días”. Sostén que a problemática da Avenida de Lugo é “puntual” e que se debe “ao 1% da poboación que non

deposita o lixo nos envoltorios correspondentes”. Sobre a queixa ao Defensor del Pueblo matizan que se trata dunha veciña “que non quere ter localizados os colectores preto do seu portal”.

Montes a bo recaudo

O Concello de Melide contará este verán con tres brigadas contraincendios. Cada unha delas estará integrada por cinco peóns e un capataz, de xeito que sumarán un total de 18 efectivos. Comezarán a funcionar a finais de xullo e prestarán servizo durante tres meses. Tamén intervirán nos concellos limítrofes en caso de necesidade, aínda que será só en Melide onde realicen labores de limpeza e desbroce de lugares públicos. En concreto, actuarán no Camiño Real e na ruta de sendeirismo de San Salvador a Santa María. As tres brigadas están subvencionadas con 90.000 euros por Medio Rural.

Tabernas de museo

O Museo da Terra de Melide está preparando unha exposición sobre tabernas, fondas, bares, casas de comidas e pensións que existiron na vila. Inaugurarase no mes de agosto e abranguerá dende a Idade Media ata a década dos 70. Os responsables desta galería comarcal fan un chamamento para que todas as persoas que teñan información sobre os establecementos históricos, a acheguen ata o museo. Calquera dato ou documento é válido: quen os rexentaba, anécdotas curiosas, fotografías, letreiros antigos, utensilios do día a día, nomes de propietarios e empregados...

Critican que a policía siga en mínimos “un verán máis”

O BNG de Melide sacou de novo á palestra o déficit de plantilla da policía local, “que contará un verán máis co menor número de axentes que se recorda en moitos anos”. Os nacionalistas lembran que o goberno local anunciou en xuño de 2012 que ía convocar o proceso de selección para cubrir as tres prazas vacantes e que dous anos despois “a vila está nunha situación aínda peor”. Acusan á alcaldesa de “vender coa súa incompetencia a seguridade da vila nuns meses tan masificados”.

Ánxeles Vázquez asegura que non se puideron convocar antes as prazas porque a lei o impedía ao non ter o Concello remanente de tesourería positivo ata marzo deste ano. En declaracións a Radio Obradoiro, explicou que a seguridade da vila non se verá comprometida este verán “porque facemos convenios cos concellos veciños, porque teremos un equipo de emerxencias especializado e porque hai un cuartel da Garda Civil con 9 axentes”. Estima que o próximo verán o corpo da Policía Local xa estará reforzado e promete que “a partir de setembro será unha prioridade desta alcaldía e dos técnicos sacar adiante as bases para convocar as prazas e realizar os exames”.

A reapertura da piscina climatizada é “inminente”

A apertura da piscina municipal climatiza é cuestión de días. Aínda que o goberno local non fixa unha data concreta, asegura que xa se completaron todos os trámites necesarios e que as instalacións estarán operativas de forma “inminente”. Tan só falta asinar o contrato coa empresa adxudicataria, que finalmente será Itude S.L., unha firma de Betanzos. Das tres empresas que se postularon para xestionar a piscina cuberta, esta foi a que ofreceu mellores condicións, incluíndo unha rebaixa do 20% nas tarifas para os aboados, unha ampliación do horario sinalado nas bases de contratación e o compromiso de mellorar as instalacións e achegar equipamento para o ximnasio. A piscina climatizada leva algo máis de dous anos pechada por deficiencias nas instalacións. Na súa posta a punto a Deputación investiu 155.000 euros.

FOTO-DENUNCIA

Medios farois, farois a medias



No mes de decembro un camión que transitaba pola Ronda da Coruña amputou un gallardo farol nunha manobra desafortunada. Sete meses despois, aquel farol segue sendo medio farol. Resulta a todas luces evidente que cos farois a medias... medio vemos, medio non. Falta por investigar se a roda que o protexe é a daquel infortunado camión ou se estamos ante unha nova adquisición de mobiliario urbano.

A sarabia arrasa plantacións e hortas en varias parroquias da comarca

Dende o ano 1995 non se recordaba algo parecido: unha treboada con pedrazo do tamaño de ovos de galiña que na tarde do pasado 23 de xuño, véspera de San Xoán, varreu todo o que atopou ao seu paso.

Se hai case 20 anos os danos se concentraron en Melide, desta volta foron diferentes e numerosas as parroquias da comarca que resultaron afectadas, especialmente as de Novela e Liñares, no Concello de Santiso, consideradas a *zona cero* da desfeita. Nestes lugares a sarabia arrasou plantacións enteiras de millo, esmagou prados de herba para ensilar, deixou árbores sen froita e sen follas, verzas co cañoto e hortas inservibles. O pedrazo estragou incluso boa parte dos eucaliptos que plantaran os veciños este inverno nas fincas da parcelaria.

Choveu sobre mollado

Os danos producidos pola treboada non só se limitaron ás leiras e ás hortas, senón que tamén e estenderon a algunhas vivendas: caleiros furados pola forza do pedrazo, tellas rompidas e uralitas de cuadras e pendellos con buratos son o resultado dun fenómeno meteorolóxico extremo que

tivo o seu preludio nas intensas precipitacións rexistradas tamén en Santiso o día anterior, 22 de xuño. Como consecuencia das chuvias, os baixos dalgunhas casas inundáronse

Santiso, o concello máis prexudicado, solicitará da Xunta unha partida de axudas para os veciños afectados

e o río Beseña desbordouse, afectando a numerosas fincas que estaban plantadas. Varias pistas municipais tamén resultaron afectadas pola acumulación de lodo, que foi preciso retirar con máquinas retroescavadoras para que puideran circular os vehículos. En idéntica situación quedaron as pistas da parcelaria, nas que os operarios do concello continuarán traballando nos próximos días.

Solicitud de axudas

Ante a magnitude que alcanzou a treboada no concello de Santiso, o goberno local pú-

xose mans á obra para solicitar axudas e intentar paliar os danos causados polo pedrazo, que nalgúns casos ascenden a 30.000 euros. Esa é a estimación que fan dende a SAT Agra López, que dá por perdida boa parte da plantación de millo e que se viu na obriga de volver plantar 15 hectáreas para recoller algo de cereal a principios do outono.

Tanto eles como o resto de veciños afectados teñen á súa disposición na casa do Concello uns formularios que poderán cubrir explicando os danos que sufriron. Os documentos serán enviados á Xunta para que faga unha valoración e considere a posibilidade de habilitar unha partida de axudas. O executivo local xa lle deu conta do sucedido tanto ao goberno autonómico como á Fegamp. “A ver se entre unha cousa e outra conseguimos algunha compensación, por mínima que sexa”, sinala o alcalde, Manuel Adán.

Danos noutras zonas

O concello de Santiso resultou afectado na súa totalidade, aínda que nas parroquias de Barazón, Visantoña, Ribadulla, Pezobre e Beigondo, foron



N. Noguero

O pedrazo deixou as verzas co cañoto e estragou os cultivos de horta



N. Noguero

A auga e a lama arrasaron leiras plantadas de millo en Santiso

as fortes chuvias as que causaron danos. En Sobrado resultaron especialmente afectados o núcleo urbano, con baixos anegados, e a parroquia de Cumbraos, con plantacións arrasadas e tellados e coches danados. En Melide a treboada deixou sentir con forza en San Cosme, Campos, O Carballal, O Barreiro e Zas de Rei.



Xavier Pazo

Tal e como se fose certo. Por un momento os veciños de Toques pensaron que a traxedia se cebara co municipio e que un avión tripulado caera no seus montes. Máis axiña souberon que, por fortuna, todo formaba parte dunha sesión de adestramento do exército do aire, que escolleu un descampado da parroquia de Villamor para realizar a mediados do mes de xuño un simulacro de rescate aéreo.

O suposto co que traballaron, segundo detallou Roberto Tudá, subtenente do exército e responsable do operativo, foi o dunha aeronave con 8 pasaxeiros que se ve na obriga de facer unha aterraxe de emerxencia nunha zona inaccesible por terra. “Al ver que no lle a destino, se alerta al Servicio de Rescate Aéreo y se movilizan todos los medios”, relata. O primeiro paso foi atopar a

O exército do aire elixe Toques para facer un simulacro de accidente aéreo



avioneta, que non levaba balizas. Conseguido ese obxectivo, comeza o rescate dos 8 feridos,

un papel que neste caso realizaron os voluntarios de Cruz Roja. Na súa evacuación ao ae-

ródromo de Lavacolla, para logo ser trasladados ao hospital, participaron 4 helicópte-

ros: un do exército español, outro do portugués, outro do 061 e un máis da Garda Civil. Todos eles estiveron coordinados dende a vertical do suposto accidente por un avión da Ala 48. O simulacro de rescate completouse nunha hora e 16 minutos.

Por que Toques?

O exército do aire realiza este tipo de probas catro veces ao ano. A última vez que se escolleu Galicia como escenario para un adestramento foi o verán pasado, no que se simulou a caída dun avión á ría da Coruña tras un despegue frustrado dende Alvedro. Neste caso, segundo explica o subtenente Tudá, escolleuse Toques pola súa orografía e pola proximidade con Portugal: “interesaba practicar la coordinación con el 112 de Galicia y con el ejército portugués”.

O colexio de Visantoña bota o peche e di adeus a cinco décadas de historia

A festa de fin de curso no colexio de Visantoña foi este ano máis especial ca nunca. E non só polo feito de que o alumnado decidise sobre o guión e deseñase as súas propias coreografías. Máis ben porque xa nunca volverá o balbordo aos corredores do centro nin haberá máis clases maxistras sobre pintores famosos nas frías mañás de inverno.

A escola de Visantoña pecha as súas portas para sempre. Tras de si deixa cinco décadas de ensino público, os recordos de centos de estudantes que pasaron por ela e a resignación duns pais que ven con tristura como se perde un servizo na parroquia pero que comprenden que cunha matrícula tan reducida non hai moitas máis saídas posibles: “é unha pena que se peche”, di José Quintela, exalumno e pai dunha cativa que rematou o curso no centro, “o colexio ten boas instalacións, funciona ben e os mestres son unha marabilla, pero con tan poucos nenos...”.

Tan só dez rapazas e seis

rapaces encheron de vida o curso pasado un colexio que comezou sendo escola unitaria e que se ampliou en dúas ocasións, a primeira finais dos 70 e a segunda na década dos 90, para chegar a acoller nos seus mellores tempos a preto de 200 estudantes.

Lonxe quedan esas épocas de bonanza. Hai aproximadamente dez anos o número de alumnos comezou a baixar “drasticamente”, explica a directora do centro, Soqui Cea, e nos dous últimos cursos “non entrou ninguén”. Foi entón cando a sombra do peche comezou a planear sobre a escola de Visantoña. Tras unha falsa alarma o ano pasado, este curso chegou dende a Consellería de Educación o ultimato definitivo: cerrar o colexio ou convertelo en escola unitaria e deixar un só mestre.

Esta última opción non convenceu aos pais e nais, que decidiron por consenso que o mellor sería enviar aos seus fillos a outro colexio para que teñan unha educación da mesma calidade que o resto

de rapaces: “nos mundos nos que estamos non nos parece conveniente que estean todos os nenos xuntos”, comenta Isabel Mosteiro, “sería dar un paso atrás e volver ao sistema de hai cincuenta anos”. Deste xeito, os cativos de Visantoña sumaranse o vindeiro curso aos 39 alumnos do colexio de Arcediago, que pasará a ter tres unidades educativas e un mestre máis. “Déronnos a opción de escoller e eliximos Arcediago para que polo menos haxa un colexio en Santiso”, din os pais.

Así se escribiu a última páxina na historia da escola de Visantoña. “É mala sorte, pero temos que aceptar as cousas como veñen”, di a directora, quen presume de ter traballado nun centro “pobre economicamente pero rico en enxeño e imaxinación”. Un colexio onde os trapos se converten en bandas de graduación, onde os maiores coidan dos pequenos coma nunha familia e onde os pais levan sobremesas polo Entroido. Un colexio único. Para a historia.



A última xeración de estudantes do colexio de Visantoña



O alumnado cantou e bailou na actuación de fin de curso

Amarai estrea en Boimorto un centro de día para 24 persoas

A Asociación de persoas con discapacidade e apoio á integración das comarcas de Arzúa e da Terra de Melide (Amarai) inaugurou a finais de xuño o centro de recursos que o colectivo ten en Boimorto. Dispón de 24 prazas e está deseñado para proporcionarlles ás persoas con alta discapacidade “unha atención rehabilitadora, habilitación persoal e social, coidados persoais e asistencia especializada”. O centro abre de luns a venres, de 9 a 18 horas, e nel traballa un equipo de oito profesionais que se encargan das tarefas de alfabetización de adultos, fisioterapia, logopedia, atención psicolóxica, traballos manuais e adestramento de hábitos e condutas.

Alertan do risco de derruba que corre a ponte de Balocás



O mal estado da ponte agravouse tralas últimas chuvias torrenciais

Primeiro foi a Ponte da Regada. Agora todos os focos apuntan á de Balocás, na parroquia de Visantoña. O mal estado que viña arrastrando, unido aos efectos que provocaron as intensas choivas caídas o 23 de xuño, deixaron esta infraestrutura nunha situación crítica. Tanto é así que o concelleiro do PP José Manuel Sexto lle solicitou ao goberno local en sesión plenaria que corte a ponte ao tráfico ante o risco de derruba: “é un perigo e a xente pasa por ela coma se nada; calquera día hai unha desgraza”, advertiu. A situación da ponte non é nova. O alcalde di que leva preto de sete anos “medio derruída” e asegura que mesmo había un proxecto redactado por Medio Rural para amañala: “había intención de facela pero foi pasando e así quedou”, di.

O PXOM de Santiso, listo para a aprobación definitiva tras 13 anos de tramitación

O Concello de Santiso podería contar á volta do verán cun novo Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM). Esas son, cando menos, as previsións do goberno local, toda vez que o documento foi aprobado provisionalmente no último pleno por unanimidade da corporación e remitido á Xunta para a súa aprobación definitiva.

“Agora a pelota xa non está no noso tellado”, sinala o alcalde, Manuel Adán, quen confía en que desta volta o departamento autonómico dea o visto e prace final. O documento xa se enviara á Xunta noutra ocasión anterior pero foi devolto por presentar carencias e a Dirección Xeral de Urbanismo instou a realizar correccións. En concreto, tiveron que recortar parte das áreas de expansión do núcleos

rurais. Na parroquia de Barazón, todo ao largo do río Ulla, tamén houbo que ampliar en varios metros a zona declarada como LIC (Lugar de Interese Comunitario). O executivo local, en consenso coa oposición, acordou ademais facer modificacións no núcleo de Beigondo para posibilitar que se constrúan no lugar varias vivendas unifamiliares.

O PXOM de Santiso, que actualmente funciona con normas subsidiarias de 1985, comezou a tramitarse no ano 2001 e viuse ralentizado polos sucesivos cambios na normativa urbanística autonómica. O alcalde asegura que o municipio necesita “un instrumento de planificación” e agarda que se aprobe na maior brevidade posible para solucionar a situación dalgunhas casas “que bordean a irregularidade”.

MIS MEJORES LABORES

Avda. América, 3 MELIDE



SARÓ

Peluquería & Spa

C/ Eduardo Álvarez Carballido, nº 1-C Bajo

Tlf.: 881 97 17 87

Hombre & Mujer





CAFETERÍA - PIZZERÍA

Telf. 981 50 79 06

Avda de Lugo, 25
MELIDE (A Coruña)



Rúa Principal, 6 - MELIDE

Telf: 696 77 41 63

ERUOM viños

XAN GARCÍA MONTERO, comercial
M vil:678 543 240

Pol gono Industrial do Tambre
V a Galileo,9
15890 SANTIAGO DE COMPOSTELA
www.eruom.com

Tel. 981 519 999
Fax. 981 519 191
comercial@eruom.com

D.O. Ca. Rioja

Allende
Muga
Obalo
Arnegui
Azpilicueta
Rioja Bordón
Ramón Bilbao
Marqués de Terán
Marqués de Riscal

D.O. Ribera del Duero

Tarsus
PradoRey
Cruz de Alba
Condado de Oriza
Dominio de Atauta
Pago de los Capellanes

D.O. Rueda

Naia
Monteblanco

D.O. Ribeiro

Viña Costeira

D.O. Vinos de Madrid

Tagonius

D.O. Somontano

Pirineos

D.O. Bierzo

Dominio de Tares

Vinos del mundo

Argentina, Australia,
Chile

D.O. Navarra

Castillo de Javier
Palacio de la Vega

D.O. Bierzo

Dominio de Tares

D.O. Toro

Fariña

V.T. Castilla y León

Dominio DosTares
Viñas del Cénit

V.T. Castilla

Mano a Mano & Venta
La Ossa
Pago del Vicario

D.O. Rías Baixas

Nora
Lusco
Veigadares
Terra D'Ouro
Viña Sobreira
Mar de Frades
Señorío de Sobral

D.O. Valdeorras

Galgueira

D.O. Ribeira Sacra

Pincelo & 1985

Champagne

Perrier Jouët

Aceite ArteOliva

Agua Solán de Cabras



Ana Marcos Cardo

Odontóloga

Ronda da Coruña, 31 - 1ºB
15800 - MELIDE (A Coruña)
Tlf.: 981 50 57 05



ILUSTRE COLEGIO DE ODONTÓLOGOS
Y ESTOMATÓLOGOS DE A CORUÑA



Psicotécnico Santa Ana

Certificados Psicotécnicos:

- Conducir (toda España)
- Armas
- Guardia forestal
- Seguridad privada
- Perros peligrosos
- Buceo y otros
- Chequeos médicos
- Certificados médicos
- Medicina general



Al hacer el psicotécnico
le tramitamos la renovación de su carnet
ante la jefatura de tráfico

GRATIS

Cantón de S.Roque, 9 - 1º D (MELIDE)
Tlf: 981 505 075

CAMPIONATO DE TUTE 2014 - BAR CIRE



Campiões



2º clasificados



3º clasificados



TELÉFONOS: 981 505 252
609 121 554
RÚA SAN ANTONIO, nº 5 - MELIDE

- TODAS AS MATERIAS
- TODOS OS NIVEIS
- GRUPOS REDUCIDOS
- AMPLITUDE DE HORARIOS

INGLÉS: DESDE OS 3 ANOS.
CON PROFESORADO **NATIVO**

CIENCIAS: BIOLOXÍA, ECONOMÍA,
MATEMÁTICAS, FÍSICA, QUÍMICA,
DEBUXO...

LETRAS: GALEGO, CASTELÁN,
LATÍN, HISTORIA, FILOSOFÍA,
SOCIAIS...

IDIOMAS: FRANCÉS, PORTUGUÉS,
INGLÉS, ALEMÁN, HOLANDÉS CON
NATIVO.

CLASES EN XULLO, AGOSTO E SETEMBRO



INMOBILIARIA

Pisos
Casas
Terrenos
Alquileres garantizados

TOPOGRAFÍA

Catastro
Parcelaria
Informes
Concesión de Aguas

Mediciones
Particiones
Valoraciones

MELIDE

INMOBILIARIA MEDICIONES

Rda da Coruña, 68 Bajo Izq. - Melide (A Coruña) - Tlf. 981.93.51.08
melidemediciones@galicia.com - www.melidemediciones.com

Os 21 do Camiño supera expectativas e reúne na comarca a 570 corredores



O podio da categoría masculina co ganador no centro, Pedro Nimo. Á dereita, Joselyn Brea

A media maratón entre Palas de Rei e Melide impulsada pola Asociación Deportiva Cerne vai camiño de converterse nun dos clásicos do calendario de probas en Galicia. A segunda edición, celebrada o pasado 28 de xuño, foi todo un éxito de participación: 570 corredores estiveron na liña de saída, unha cifra que dobra o número de inscritos en 2013.

A proba é xa unha cita obrigada para atletas de recoñecido

prestixio, como o santiagués Pedro Nimo, que repetiu a vitoria do ano pasado na categoría masculina e subiu ao máis alto do podio cun tempo de 1:12:54. Por detrás del quedaron Hassan Lekhili (1:14:30) e o pontevedrés Elías Domínguez (1:16:13). O primeiro corredor local en cruzar a liña de meta foi o melidense Anxo Castro, que quedou en 17º lugar.

Na categoría feminina a corredora de Venezuela Joselyn



Brea, campioa do mundo de duatlon en 2011, fíxose coa vitoria cun tempo de 1:29:19. Desbancou á gañadora do ano pasado, a arzuá Carmen Penas, que cruzou a liña de meta en segundo lugar a 26 segundos da campioa. En terceiro lugar, e a máis de dez minutos, quedou Yolanda Villares, de Lugo. Lydia Rodríguez, no posto 15º, foi a atleta da comarca mellor clasificada. Nas categorías infantís participaron 71 corredores/as.

Melide xa pode presumir de ter deportistas na elite



Xandre Freire e Cora Ayude xa son deportistas de elite

A Secretaría Xeral para o Deporte acaba de publicar o censo dos coñecidos como DGAN (Deportistas Galegos de Alto Nivel). Nesa exclusiva lista figuran por primeira vez os nomes de dous deportistas melidenses: Xandre Freire e Cora Ayude, que fan historia de novo ao converterse nos primeiros veciños de Melide en ser recoñecidos oficialmente como competidores de elite. Os responsables de Escuela

Ayude, onde adestran ámbolos dous, consideran que este logro “é significativo do traballo que se está facendo dende o centro”. Por outra banda, agardan que estes deportistas sexan “o espello no que se miren outros alumnos que veñen detrás”.

Para conseguir este e outros obxectivos, Escuela Ayude aproveitará o parón do verán para mellorar as súas instalación “ante o incremento da oferta deportiva e de alumnos”.

A fogueira de San Xoán máis tradicional cumpre 25 anos da man de Catasol

Hai en Melide unha festa que a todos gusta polo seu carácter entrañable. É desas festas das de antes, dos veciños, nas que colabora moita xente e nas que cada quen achega o que pode para compartir un momento de lecer a pé de rúa. Unha festa humilde, onde non fai falta máis ca alegría e algo de música, onde se recibe a todo o mundo cos brazos abertos e onde pequenos e maiores cantan e bailan coma se estiveran en familia a carón da capela de San Roque. Esa festa entrañable non é outra cá do San Xoán e acaba de cumprir vinte e cinco anos.

“É a nosa festa”, di sen dudar Carmen Corbelle, asidua da celebración e espectadora en primeira liña ano tras ano dende o bar que rexenta na Avenida da Habana. “Empezouse a facer nesa praciña e alí segue tanto tempo despois”,

afirma. Mais a localización non é o único que permanece co paso dos anos. O San Xoán no casco urbano tampouco sería o mesmo sen a actuación de Suso de Boente: “empezouno a contratar meu marido e dende aquela sempre vén el”, di Carmen, “e fainos unhas festas que ben as ves!”.

Outra das claves do éxito está no tradicional chocolate con anaco de torta que se comeza a servir cando o lume ten menos folgos e os festeiros tamén. Non hai quen quede sen probalo, porque o San Xoán a carón da Capela de San Roque é unha festa na que ninguén sobra: “este ano viñeron moitos peregrinos e agregáronse coma un máis, non se lles tivo perda de nada”.

Quizais é por todo isto máis polo espírito de unión que emana, que esta festa conseguiu manterse con esa



As amas de casa organizan cada ano o San Xoán máis tradicional

esencia do tradicional. Houbo tempos nos que as fogueiras iluminaban aquí e acolá a vila de Melide. Co paso dos anos foron desaparecendo ou adaptándose a novas formas de festexar e só esta permaneceu en todo o seu esplendor. Impasible incluso ante as inclemencias do tempo: “este ano choveu moito pola tarde e no Furelos non había ninguén, pero aquí seguiu vindo a xente”, presume Carmen Corbelle, orgullosa tamén de pertencer á Asociación de Amas

de Casa “Catasol”, a responsable de que a festa se faga ano tras ano. Para a súa directiva non ten máis que eloxios: “xente moi humilde e moi unida que mira de facer cousas polo pobo”.

Catasol representa tamén as excursións por toda España, a multitudinaria cea anual, os cursos de pintura, de calceta e ducias de actividades máis. Pero, sobre todo, representa o San Xoán, esa festa pensada para o pobo, tamén humilde e con moita unión.

Escenarios de altura para a Banda de gaitas

A Banda de Gaitas da Terra de Melide ten por diante un verán con actuacións nalgúns dos máis relevantes escenarios do panorama musical. A formación viaxará en agosto á Bretaña francesa para participar entre os días 1 e 10, como parte da delegación galega, no festival por excelencia do mundo celta; o de Lorient, que este ano estará dedicado a Irlanda. Previamente, o 20 de xullo, actuará na derradeira xornada do Festival Celta de Ortigueira para participar no desfile da bandas das nacións celtas, que sairá ás 12:00 da Praza de Isabel II. Ese mesmo día, o grupo local Os Tromentelos estará no Serán Folk que pecha o festival. Darán un concerto a partir das 23:00 no Bar de Fredi, en Espasante.

Os Melidaos pechan as festas de Ourense



Os Melidaos seguen levando a súa música polos escenarios máis importantes de Galicia. Desta volta foi o grupo escollido para pechar as festas do Corpus de Ourense, onde deron un concerto o pasado 29 de xuño. Coa Praza Maior como escenario, presentaron o seu último disco na cidade das burgas e incluíron temas novos, varios dos cales foron compostos por Antonio Raposo, gaiteiro e voz principal do grupo. Como broche final, interpretaron cinco pezas acompañados pola Coral de Ruada, Medalla de Castela 2013 e un dos catro coros históricos de Galicia.

Encontro europeo sobre xogos tradicionais

Melide en particular e Galicia en xeral estiveron representadas na Asemblea da Asociación Europea de Xogos e Deportes Tradicionais, que reúne a clubs, universidades, asociacións e concellos de todo o continente co obxectivo de investigar e divulgar o rico patrimonio lúdico de Europa. Para participar nesta xuntanza, os melidenses Manuel Charrancas e Paco Veiga desprazáronse ata vila catalá de L'Hospitalet de L'Infant os días 27, 28 e 29 de xuño en calidade de representantes da Asociación Galega do Xogo Popular e Tradicional.



Música popular nun escenario de luxo

A Coral Polifónica de Melide foi convidada polo Coro do Colexio Fingoi de Lugo para ofrecer unha actuación conxunta nun escenario de luxo: a igrexa da real abadía do mosteiro de Samos. O concerto, celebrado o 15 de xuño, estivo dirixido tamén de forma conxunta polo directores das respectivas formacións, Valeri Moriatov e Paloma Suances, que prepararon un programa baseado principalmente en pezas de música popular de distintos países. A xornada rematou cun xantar de confraternidade na Granxa-escola Barreiro, en Sarria.



As alfombras do Corpus lembran a Díaz Pardo

A chuvia e a tronada non foron quen de botar por terra unha das tradicións da vila de Melide: a confección de alfombras florais pola festividade do Corpus. Con todo, as inclemencias meteorolóxicas obrigaron a realizar os traballos baixo cuberta e finalmente foi a rúa da "alhóndiga" a que acolleu a meirande das alfombras, que este ano estivo dedicada ao intelectual galeguista Isaac Díaz Pardo e incluíu motivos das súas pinturas e cerámicas. Na elaboración destas obras de arte efémeras interviñeron numerosos veciños, operarios do Concello e a Asociación Charamela.



"O TEATRO NO CAMIÑO" III CICLO DE TEATRO AFECCIONADO Asociación Cultural Charamela

13 de xullo (21:30 h.), na Praza do Convento
CENTRO TEATRAL FARO-MIÑO DE CHANTADA
"Operación voltarem"

19 de xullo (19:30 h.), na Casa da cultura
BIBLIOTECA DE ANTAS DE ULLA
"Circo desastre" (infantil)

26 de xullo (21:30 h.), na Praza do Convento
ASOCIACIÓN CULTURAL CHARAMELA DE MELIDE
"O cantar dos cantares"

Vinte e un anos coroando ás máis guapas de Galicia



Josefina Ferreiro, Miss Galicia



José Ríos, Mister Galicia

Criticado por uns e aclamado por outros. O certame de Miss e Mister Galicia terceira idade segue congregando multitudes en Melide e cumprindo anos sen deixar indiferente a ningún. Vinte e un sumou na última edición, celebrada o pasado 6 de xullo. Son poucos en comparación dos que contaban as 30 mulleres e 13 homes que subiron á pasarela do Cantón de San Roque por ver de conquistar o cetro da beleza autóctona.

As aspirantes desfilaron coas súas mellores galas ante a atenta mirada das miles de persoas que desembarcaron na vila en autobuses procedentes de preto de 30 centros sociais de toda a comunidade. Uns e outros, enriba e embaixo do

escenario, son o exemplo da beleza sen caducidade nin medidas e dese envellecemento "activo, pleno e feliz" ao que apelou a Conselleira de Benestar, Beatriz Mato, que fixo tamén de xurado. A deliberación foi, como acontece nestes casos, "moi difícil" e a gañadora, por suposto, "non o esperaba". Josefina Ferreiro, de 75 anos, participou animada polas súas amigas do centro cívico do Castrillón (A Coruña) e acabou pasando por enriba de todas elas grazas á súa simpatía e naturalidade. Algo máis de miras levaba o que había ser Mister Galicia: José Ríos, de 77 anos e veciño de Cedeira, non quería ser menos cá súa muller. Ela xa ganara a cora de guapa de Galicia no ano 2012.

O CIRE CREA UN TORNEO EN HOMENAXE A "MELLA"

Os días 21 e 22 de xuño o Cire Melide organizou na vila o primeiro Torneo de Fútbol Base. O éxito acadado polo evento tanto a nivel de equipos participantes como de público asistente quedou nun segundo plano ante o verdadeiro obxectivo do campionato: recordar e homenaxear a figura de Rubén Lodeiro "Mella", falecido con 28 anos e dende a súa xuventude seareiro, xogador e adestrador do club melidense.

É por iso que o campionato levou e levará de aquí en adiante o nome deste mozo que viviu e sentiu como ningún as cores do Cire e que destacou por ser o gran impulsor das categorías inferiores. Na emotiva homenaxe participaron os familiares de "Mella", incluído o seu fillo Rubén, que fixo o saque de honor dun torneo no que participaron un total de 22 equipos en catro categorías diferentes. Tras dúas xornadas de competición, os vencedores foron o Arzúa-A na categoría prebenxamín e o Cire Melide nas categorías de benxamíns e alevíns. En infantil proclamouse campión o Lalín.

Dende a organización do torneo, da que Antonio Varela e Joaquín Vizcaíno foron os máximos responsables, manifestan a intención de darlle continuidade ao campionato tanto para recordar a Rubén Lodeiro como para promover as categorías base, un obxectivo que non sería posible sen a axuda prestada por diferentes entidades; por unha



O fillo, a muller e a nai de Rubén Lodeiro fan o saque de honor



Os familiares de Rubén Lodeiro acompañados por Jesús Pampín (esquerda), Antonio Varela (centro) e Joaquín Vizcaíno

banda o Concello de Melide e Jim Sports en calidade de patrocinadores e por outra as firmas colaboradoras: Pulpería Ezequiel, Pulpería A Garnacha, Hotel Carlos 96, Restaurante Sony, Mesón O Toxo, Chiquitín,

Hotel Xaneiro, Pizzería J.A., Suministros Industriales Cire, Anic, Raxería Suso, Casa Juanito, A Solaina, Helvetia, A Boa Viña e Albergue Aitor. A todos eles a directiva do Cire Melide envía-lles un sincero agradecemento.



Equipo do Cire Alevín acompañado polos xogadores do Soutelo (Portugal), participantes no torneo

Calzados
Braz
Marcas exclusivas

Ronda da Coruña, 24 Tfn: 981 50 51 60
Camiño de Ovedo, 13 MELIDE

CAFETERÍA

SOLAINA

AVENIDA DE AMÉRICA, 26
TLF: 981 50 58 49

HERBORISTERÍA CHUS
Centro de dietética e nutrición

Mª Jesús Conde Chorén

Control de adelgazamento gratuito de LUNS a XOVES (cita previa)

Tfn.: 981 50 56 24
627 03 59 73 Camiño de Ovedo, 15
chusherboristeria@hotmail.com MELIDE

MELIMATICA

A TÚA TENDA DE INFORMÁTICA EN MELIDE

Rúa Otero Pedrayo, nº 6 - Baixo
Tlf.: 981 50 78 81
melimatica@melimatica.com

Menos alumnos no colexio e máis na banda

Xosé Núñez, presidente de honra da Banda-Escola de Visantoña

Alguén me pode explicar este enigma? Na parroquia de Visantoña ten que cerrar o colexio por falta de rapaces e, nesa mesma parroquia, o local da Escola de Música queda pequeno debido á cantidade de alumnos, ata o punto de que para impartir certas clases de música e movementos é obrigatorio desprazarse a locais máis amplos. Como se "come" isto...?

Paréceme a min que, incluso sen ser músico, o motivo polo que a escola nunca tivo tantos alumnos coma neste curso 2013-2014 se debe, indubidablemente, á grande profesionalidade dos profesores e a un ímprobo traballo dos mesmos, levado a cabo con capacidade e bo facer, con rapaces dende os tres anos de idade, como puidemos comprobar no Festival de Fin Curso celebrado no polideportivo de Visantoña o día 27 de xuño. Non podía un menos que quedar abraiado vendo como ne-

nas e nenos de tres anos facían os mesmos movementos e cantaban as cancións como os de mais idade, cousa que engaiolaba e producía unha gran satisfacción aos seus pais e aos maiores que estabamos presenciando aquel marabilloso espectáculo.

En canto a que o colexio vaia estar cerrado para próximo curso por falta de rapaces, se ben podemos entender que non é posible ter un profesor para só dous ou tres rapaces por clase, non deixa de ser lamentable que iso ocorra debido ao continuo despoboamento que está padecendo o rural galego, cando hai tanta vida nas nosas terras e montes. Falta interese das administracións por poñer en valor os recursos de tan grandes extensións de terreos baleiros e aptos para a produción, non só de madeiras, senón tamén de forraxes, prados, froiteiras, etc...

REFLEXIÓN CON HUMOR

Pepe Núñez



O posicionamento rexionalista de Roque Pesqueira Crespo

César Camoira Vega, filólogo

Roque Miguel Silvestre Pesqueira Crespo naceu o 31 de decembro de 1865 en Ponteareas. Trala obtención do bacharel en Ourense, retornou á vila natal. Alí expresou o compromiso coa lingua galega en seis poemas ("Xa non volvo", "Estamos servidos", "De noite", "Cousas", "A xerga do mundo" e "Cazando") e no relato "Ir por lan...". Entre 1886 e 1888, residiu en Madrid. Novamente en Galicia realizou exitosamente a licenciatura de Medicina.

En torno ós trinta anos, aprobou as oposicións de

rexistrador da propiedade, o que conlevou o abandono da literatura en galego e a residencia en diversas localidades españolas e galegas. Dende 1933 ata a xubilación, viviu en Tortosa e posteriormente residiu en Barcelona, onde morreu o 27 de novembro de 1938.

Catorce publicacións (*O Tío Marcos d'a Portela, Galicia Moderna, O Antroido, Galicia "Revista Regional", A Fuliada, Café con gotas, Galicia Humorística, Album Literario, A Monteiro, El Independiente, Galicia Recrea-*

tiva, El Regional, Revista Gallega e Gaceta de Galicia) acolleron cento vinte e catro poemas do escritor ponteareán, cento once en galego e trece en castelán. A temática xira arredor da elegía e a homenaxe de escritores galegos; o amor, en calquera estadio; o enalzamento de Galicia e a súa xente; o costumismo; o intimismo, e a censura do egoísmo e da insensibilidade cara ás persoas máis humildes.

Escribiu nove relatos: "Ir por lan e...", "Males da emigración", "Os fillos do pescador", "A orella do demo", "No

moiño", "Idilio", "Hay que tempos", "Amores bulrados" e "Marcelo". A grandes liñas, os temas do amor desafortunado, a emigración, a fantasía e o costumismo constrúen un retrato fiel do ámbito rural galego. No tocante á modalidade narrativa, alterna a omnisciencia coas intervencións do autor implícito.

Na prosa de temática variada, dada a coñecer en medios escritos da época, destaca a inspiración lírica e maila crítica e a reflexión sobre os problemas sociais. A raíz das consideracións negativas para a lingua galega —a consideración dialectal e a desaparición—, esgrimidas por determinadas persoas, Pesqueira Crespo redactou artigos, tanto en galego como en castelán,

nos que defendía e exaltaba a lingua autóctona.

"O rexionalismo tende a mostrar a cada pobo súas grandezas, seus merecementos, todo aquilo que pode redundar en porveito da pequena pátría".

[*"O rexionalismo en boga", O Tío Marcos d'a Portela, nº 253 (11-XI-1888)*]

"nuestra más cordial enhorabuena á todos aquellos que se dediquen a cultivar el idioma patrio; nuestro soberano desprecio á los que quieren hacer de las literaturas regionales una cantidad negativa en la suma de la actividad humana".

[*"Regionalismo", Galicia Moderna, nº 199 (24-II-1889)*]

DESENGRASANTES 		LIMPIADORES Y ABRILLANTADORES MULTISUPERFICIE 	
LIMPIEZA DEL AUTOMOVIL TAPICERIAS SALPICADEROS LLANTAS 	CELULOSA Y ACCESORIOS 	DETERGENTES LAVAVAJILLAS ABRILLANTADORES 	

Campaña con Garantía de Febreza

Proquintas
QUÍMICA INDUSTRIAL

www.proquintas.com
info@proquintas.com

Tel. 981 50 27 50 Fax. 981 50 62 04
 Pol. Industrial s/n 15300 Melide A CORUÑA

CARLOS LOUZAO, INTRES FOTOGRAFÍA

“A xente segue acudindo ao fotógrafo porque é o único que ofrece calidade”

Cando un fai profesión da vocación, séntese a gusto traballando. Iso é o que transmite Carlos Louzao, cuxa afección pola fotografía estivo sempre latente agardando o momento oportuno para converterse no seu medio de vida. Ese momento chegou hai pouco máis dun ano, cando reconverteu o

antigo bar de seus pais nunha estudo con tenda e deixou aparcada a enxeñería forestal. Así naceu Intres Fotografía, o espazo dende o que Carlos segue cultivando o seu gusto pola restauración de imaxes e defendendo o papel dos profesionais fronte ao fotógrafo amateur de móbil en man.

-Resultoulle difícil asentarse e abrir mercado neste primeiro ano de funcionamento?

-Carlos Louzao (C.R.): Eu nese caso xogo con algo de vantaxe, porque antes tiñamos bar no mesmo local e moitos clientes que agora veñen sacar fotografías son os mesmos que antes viñan tomar un café. Non é como establecerse de primeiras nun lugar no que non coñeces a ninguén.

-Como é que chegou a ser fotógrafo? Cando descubriu o gusto por este mundo?

-C.L.: O meu é o típico caso da afección que se converte en profesión. Son enxeñeiro técnico forestal e despois de pasar varios anos buscando traballo e atopando só cousas esporádicas, pois decidín abrir a tenda porque me gustaba a fotografía e tiña o local dispoñible. Moitas veces o que estudas non quere dicir que sexa o teu. Non é que me desgusta a miña outra profesión, pero ao non haber traballo desanimeime un pouco e foi entón cando reconducín o meu futuro laboral.

-Que servizos ofrece na súa tenda?

-C.L.: Todos os relacionados coa fotografía, excepto vídeo. Cando teño algunha encarga, subcontrato porque non me gusta demasiado e ademais é un martirio para os familiares (ri). O que máis fago, aparte das vodas, bautizos e comunións, é restauración de fotografía antiga. É algo que me gusta moito. Aprendín hai anos porque collín todo o meu arquivo de fotos familiares e arranxeinas, buscando como volvelas ao estado inicial. Iso servíume para formarme no tema. Cando che interesa unha cousa, sempre gustas o



A orixinalidade é unha constante nas reportaxes fotográficas de Carlos Louzao

xeito de dominala.

-Móbiles con cámara, aplicacións, filtros... hoxe todo o mundo se sente fotógrafo. Acabaremos prescindindo dos servizos dun profesional?

-C.L.: A xente segue acudindo ao fotógrafo e por algo é; porque ofrece un traballo de calidade. Agora sácanse moitas fotos, pero son fotos daquela maneira. No móbil vense moi ben e son moi bonitas, pero despois valas imprimir e cambia a cousa. Vén xente con fotografías de móbil que lle mandaron por whatsapp e non valen, non dan a calidade. Agora as cámaras dixitais están en decadencia por mor dos móbiles, xa que é moito máis cómodo tela nun dispositivo que sempre vas levar contigo e que che dá a oportunidade

de sacar unha foto en calquera momento. Pero iso non quere dicir que sexan fotos para facer un álbum.

-As novas tecnoloxías están a poñer en xaque o traballo dos fotógrafos?

-C.L.: Algunhas veces téñenme vido persoas a sacar as fotos do rapaz para o recordatorio da comunión pero despois na igrexa xa confían nas cámaras dixitais dos familiares. Eu nunca iría coa cámara da miña prima facer as fotos dunha voda, porque me matan os clientes (ri), pero iso é elección de cada un. Hai que ter manexo técnico e un material que responda e estea á altura.

-En todo caso, tanto a informática como as novas tecnoloxías son ferramentas imprescindibles neste

traballo, non si?

-C.L.: Por suposto. Todo o traballo que antes se facía no laboratorio, agora faise no ordenador. É máis fácil, porque cando sacas a foto xa ves na pantalla da cámara máis ou menos como vai quedar e logo cando a vas revelar podes regular a luminosidade, os niveis, a cor... en tempo real. O ordenador regula ao milímetro como queres que saia a foto. Eu sempre fun un fotógrafo dixital, nunca traballei con carrete. Non tiven o problema que comentan moitos colegas de antes de facer o tránsito dende o analóxico.

-Con todo tan tecnificado, onde queda a compoñente de artista que ten todo fotógrafo? Segue sendo necesaria?

-C.L.: Claro que si. Todo o

“As imaxes de móbil enviadas por Whatsapp non son fotos que vullan para facer un álbum”

“O ordenador facilita o traballo porque regula ao milímetro como queres que saia a fotografía”

mundo ten unha foto boa, pero hai que saber buscala e procesala para dar reflectido o que ves pola cámara. A máquina ten que facer o que ti lle digas. Ela non sabe como queres sacar a foto. Aí é onde intervén o profesional e a súa sensibilidade.

-Hai algo malo nunha profesión tan vocacional?

-C.L.: A min gústame sacar fotos, crear ambientes, buscar o mellor retrato dunha persoa ou cousas así, pero o 60% do traballo non ten nada que ver con iso. Hai moito labor de xestión e procesado da foto, que son temas áridos...

Intres Fotografía

Avenida de Toques, 2

Tlf: 881 974 224

Vinoteca **A boa Viña**   Zona dos Vinos **MELIDE**

11 **VENRES**
A PARTIR
DAS 20:30 H.

A boa Vida

DEGUSTACIÓN E CATA DE VIÑOS
d'berna

XULLO 2014
Tapas a fartar GRATIS

FESTA DO ARROZ CON BOGAVANTE

12 **SÁBADO**
A PARTIR
DAS 23:00 H.

FESTA IMAXE ESPECIAL
GIN-TONIC

Schweppes

CON AMPLIA CARTA DE GINEBRAS PREMIUM





Pub + ?
MELIDE

Sábado 12 Julio
FIESTA IMAGEN

LARIOS (12)

DAIKIRI DE MELÓN

MOJITO

CON BARMAN ACROBÁTICO QUE TE INVITARÁ A UNA COPA



